

# A·ROSA·TERRA

BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un númer, 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redaición e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 93

A CRUÑA 5 DE XUCHO DE 1919

## PROSA DE RISCO

### O DRUIDISMO NO SÉCULO XX

O señor Tettamancy, nas notas que pon ó seu poema O Castro de Cañás, fala d'unha festa druídica celebrada nél en Agosto de 1903. Das sete naciós célticas: Erim, illa de Man, Highlands, Cambria, Cornwall, Armórica e Galicia, é nesta onde menos s'atende á conservación das tradiciós druídicas. Na Bretaña insular e na continental, coidan de que se non esqueza a irmandade chamada Gorsedd.

O Gorsedd componse de poetas, escritores y artistas que coñezan ben a língua bretona y-a historia dos celtas, creian en Dios e na inmortalidade da alma e sexan tolerantes con todal-as opiniós. O entrar na irmandade, han xurar de s'axudaren os ús ós outros, de defenderen as tradiciós y-os dialeutos dos pobos célticos.

Os afillados dividense en tres ordes: os Drúidas, os Bardos e mais os Ovatos. Os traxes que levan nas ceremonias son: os dos Drúidas, brancos que sinifican luz; os dos Bardos, azules que sinifican paz; os dos Ovatos verdes, que sinifican natureza.

O frente de cada Gorsedd hai un Archi-

druida que leva unha coroa de follas de carballo, feita de cobre y-un torques d'ouro ó pescozo.

Os principaes Gorsedd son os de Cambria (Gales) que se fai remontar a fai 4.000 anos y-o de Armórica (Bretaña francesa) fundado en 1900. O de Cambria leva nas festas a espada d'El-Rei Arthur, e mais o como de caza.

A festa celébrase ó redor d'unha antiga pedra da feitura do chamado dolmen de Ponteareas, que se chama maen log, á que se suben pra botalos discursos e ler as poesías. Comenza coa proclamación da paz. Logo cántanse cantigas vellas ou improvisación populares e lense poesías, e dempois, xuntans'os anacos d'unha espada partida, qu'as druides atan con cintas, sinificando a unión da raza céltica. Tamen se da a investidura ós novos bardos que consiste en pórle no brazo unha cinta azul, dempois de facel-o seu xuramento de fidelidade á tradición céltica, e darlle unha pouliña de verxebau.

A divisa do Gorsedd é: Verdade, Paz, Unión.

A oración dos Drúidas é:

Donanos, ou Deus, teu agarimo;  
En teu agarimo, a forza;  
Na forza, o entendemento;  
No entendemento, a cencia;  
Na cencia, o coñecemento do que é xusto;  
No coñecemento do que é xusto, o amore á xusticia;

No amore á xusticia, o amore a todal-os seres;

No amore a todal-os seres, o amore de Deus;

O amor de Deus e de todal-as bondades.  
A pregunta do Archidruída é:

— A oes heddwch? (Hai paz?)

E respondeu:

— Heddwch! (Hai paz!)

O berro dos bardos é:

¡Kymry am bith!

¡Keltia da viken! { Bretaña prasempre!

¡Breiz da virvikent!

No Gorsedd n'hai distinción de castas, nin de relixión nin antr'homes e mulleres: todos son irmans.

S'estes costumes s'adoutaran de feito na nosa terra, non somentes ganariámola axuda dos pobos irmans, senón qu'adiantaria a nosa educación artística e patriótica, e faríamos xurdir todal-as virtús da nosa raza. Galicia e a úneca nación céltica que non se ten axuntado coas outras pra manter o espírito da raza. E a que falla na confederación espiritual de kimvis e gaels, y-é tempo de qu'ó corno d'Artús que chama, responda o corno de Breogán.

¡Keltia da viken!

VICENTE RISCO.

## PAROLAS HONRADAS

### A derradeira folga xeneral

Ollamos con fonda satisfacción o termo da folga xeneral derradeira da Cruxía.

E como sabemos que os xornás cruiñeses non han de dire nada concreto que sirva pra formar xuízo sobre da mesma, pols llo impidiran os "intereses creados", que defenden cobardemente, nós lmos dare nosa opinión sinxela.

Lembraránse os leitores que tivemos moi-

## CADRO MOURO

O mesmo cando a procesión do Corpus que en todal-as festas, a maoria imensa dos balcós e feneñtras das casas galegas véñense con trapos de moitos córes...

Mais a nosa bandeira, a bandeira de Galicia non se pendura apenas en ningures.

Somos o pais mais probe; o pais con menos alma propia; o pais mais axeitado vontariamente á escravitude.

E queren os falsos rexionalistas que sexamos ainda mais sanchopancescos...

tas gabanzas para aquela folga dos telegrafistas e telefonistas hispano-americanos, na que loaban ditoos funcionarios, non por intereses materiais, senón por un pleito de dignidade.

Pois xa fica feito o xulzo da d'agora.

Cando declaran os fariseus do orde, mauristas, pacifistas e sugadores do presuposto—formando no coro dos patróns—que os obreiros da Cruña non tiñan cabeza xa que fixeron un paro sollo por solidariedade c'os probes deportados compaños d'eles, traguidos de Cuba, sen ocurrírseles pedire un aumento de xornal ou calqueira outra millora de xelto material, nós rendímos tod'a nosa simpatía, chea d'agarimo, ante os folgulistas da Cruña.

Porque en ningures vimos unha folga mais humana, mais noble, mais aristocrática—no senso espiritual—, mais dina. Unha folga por tratare de remediar unha inxustiza, unha folga por tratar d'evitarles un calvario magante e abafadore a homes propagandistas d'un ideal que atopase no seu país, logo de sofrilla expulsión d'outro, suxeitos a procedimentos excepcionais que solo con Maura e Cervá son posibles...

Cando a xente burguesa, a "xente ben", os amantíos do orde, os que se chaman cristianos riegando a Cristo a cotlo, non pratican outro ideal que o do estómago o do materialismo mais grosero e noxento que os troca en verdadeiras "piaras d'Epicuro", iste xelto romántico dos traballadores da Cruña coldámolo consolador e inda con recendo de santidá...

Fariseus, hipócritas que decíades nos días da folga: "Estes obreiros da Cruña que xa chegau a facer paros xenerales por nada".

Por nadal bendita nada que é o único que fal os homes civilizados superiores ós cadáveres. Coidan os sepulcros branqueados que ningún é millor qu'eles; coidan que mais aló d'un aumento de soldos ou de menos horas de traballo, o obreiro non pode ollar cousa algúha.

Os obreiros da Cruña onte, como antone telegrafistas e telefonistas, fixérónse dinos do nome de cidadás na apodrecida Hispania de señoritos de mentalidá romana e de burgueses en barbelo. Nista Hispania de Maura, onde ningún maurista facería n'aras d'un ideal de solidariedade, o sacrificio heróico de que deron proba os obreiros da capital de Galicia.

#### JMOS A UNHA ENQUETE?

## ORTOGRAFIA PORTUGUESA

A incrinación istintiva dalgúz esquirtos, crufieses os más deles, a imitan a ortografía portuguesa, esprícase mal perfeitamente polo atraso en que están os estudos filolóxicos na Europa toda intelra, e polo tanto na Galicia. Búscase o idioma mais aparente, e a Dios.

Pro como esa tendencia istintiva bal tomando carauteres de orientación qrida, e inda más, padricada por algúz, parez que será ben deprocitárenos un pouco de coma é a ortogra-

fia portuguesa, porque si non é científica nin sistemática, non bal a pena d'imitala; pola contra, inda será millore fuxir dela.

Por desgracia a ortografía portuguesa non é nada recomendable. Abordan nela as incongruencias palmarias, confusións de toda cras, endomingamentos ridículos, con letras dobradas (ph, lh, ch) consonantes dobradas que soan coma simples, (dobre ss, sobre mm) e troques lastimosos dunhas grafías polas outras.

A ortografía portuguesa é tan casuística coma a francesa, como a italiana (que é un rebumbo), ou como a ingresa (que ainda é más maraballada que as outras). Non ten defensa. E mais en Portugal ai moltos que sospiran por unha reforma nun sentido mais lóxico, mais científico: en sentido fonético.—Nestas cundicións non parece ter xelto propostos a gallegos que a imitemos. Non se debe de imitar o mao.

Pro ainda al algo de mais desorientado nessa parba imitación, tan pouco axentada. Entre Galicia e Portugal, a prioridade lingüística é de Galicia. Ninglén pode negálo: o portugués non é mais q'unha modalidade do gallego. O galego é o tipo lingüístico, a fonte pura.

Toda lingua que quer millorar e polverse está perdida, si busca a sua millora fora de si mesma. Todo imitadore perde, por forza, a sua presoalidá. E xustamente a presoalidá éibos a cundición base para o milloramento das nacións.

Bolbendo ao noso conto—je ten molto que se lle diga, porque a ortografía é facilidade ou rémora, según os casos, pra o desenvolvemento e difusión das linguas—combén lebare de ollo o de que a ortografía é sempre combencional,—como certo día—fai anos—tenme dito—falando desto—o insiné Menéndez y Pelayo. Pro non podemos esquecer tampouco que a ortografía e causa que deben conoceren e manexaren todos, e que polo tanto, a sua cundición mais principal e a sincillez.

Nin tampouco podemos perder de ollo que a ortografía non pode nin debe facer causa ningunha que non sexa precurar a representación dos fonemas—sinos falados—por medio de grafías—sinos esquirtos. De modo e maneira que o ideal sería que ouber pra cada fonema unha grafía sola; sin que cada grafía represente mais que un solo fonema; nin tampouco que ningún fonema esté representado por duas grafías. Esta é a dificultá.

A imperfección e mal lo atraso da cencia humana non nos permite polo doxe achegáremos a este ideal. Pro debémolo de tomare por norte, orientación, porpósito y gloria. Si s'esto non fal, non salaremos da rebolta morea de pedanterías que nos afoga.

E más a proba está en que non salimos. E más fainos falla saliremos de bez. Pro non pola portuguesa, por que a imitación nos sacaría a presoalidade filolóxica, causa que non nos combén, por ningún estilo, agora que, por todo los estilos, tratamos de que se nos reconeza por todos a que temos.

Astra tal punto chega o rebumbo, que non os

gramáticos de Portugal andan d'acordes. A terceira presoa do plural, presente do indicativo do berbe "ser", Epiphánio da Silva, na sua "Gramática Portuguesa", esqírbe *são*, e Bento Jose de Oliveira sótao *sam* na sua.

Nin tampouco os poetas. O suido "ais" ten tamén diferentes grafías, coma se ben ben nestes versos de Guerra Junqueiro:

Todos seremos *eguas*  
No reino da eternidade;  
Na balanza da igualdade,  
Deus sabe quem pessa *mais!*

Como se be, a ortografía portuguesa está moi ben lonxe de merecer os onores da adouçón polos gallegos. Si facemos un lixeiro estudio comprenderemos que non nos comben, ainda estando como estamos, tan desbaraxados en materia ortográfica.

AURELIO RIBALTA

N. da R.—O mestre Ribalta, a quien muito admiram e queremos, ten, como vedes, un criterio moi diferente do de outro mestre queridísimo para nos: Johan V. Vigneira. Tódolos nazionistas coidamos emporiso de verdadeira e urgente necesidade uniformare d'unha vez a ortografía galega.

E obra d'importancia a acometer. Pol-o mesmo, pregamos a cantos sexan bós galeguistas nos manden a sua opinión do xeito que queiran, inda moi breve si lles convén, para decatarnos todos de cal criterio conta con mais adeptos e razós.

#### POL-O TEATRO GALEGO

## O gran certame de Betanzos

Concurso literario de obras teatrás que se fará no mes d'outono próximo, organizado pola Irmandade da Fala de Betanzos.

#### PREMIOS

- 1.º 500 pesetas en metálico.
- 2.º Una artística escripta de prata co seu estuche.
- 3.º Un ouxeto de arte, obra de Miguel Blay.
- 4.º Una fermosa pruma d'ouro co seu estuche.
- 5.º Un ouxeto de arte.

O xurado calificador que estará formado por sifores cujos nomes publicaranse oportunamente, poderá conceder ademais, premios honoríficos ás obras que ó seu xulio os merezan.

#### CONDICIOS

1.º Os traballos remitiranse esquirtos por unha soia cara, ao Presidente da Irmandade da Fala de Betanzos, denantes do dia 30 de Setembre próximo, data en que rematará o prazo d'admisión.

2.º Cada traballo levará un lema, e n'un sobre pechado, con igual lema, acompañaranse o nome e señas do autor.

3.º O xurado no alto do certame, abrirá tan solo os sobres cujos lemas correspondan ós das obras premiadas. Os demás orixinales devolveranse a quien os reclame.

4.º O tema das obras así como a sua forma i-elstensión, deixase da libre elección dos autores, non sendo admitidas outras que as que sexan inéditas i-esquirtas en galego.

5.º O Xurado calificadserá a facultade de declarar deserto ca'quera dos premios, non habendo ó seu xulio, obra merecente d'el.

6.º A Irmandade da F. la resérvese o díreito elclusivo de representación das obras premiadas durante o prazo de dous anos, para o seu cadro de decramazón; as obras que non levan mais que premios honoríficos terá o dito cadro direito a estrenalas solasmente.

### CRIA CORVOS...

## Os que fan sofrir a Murguía

O venerabre don Manoel Murguía, foi sempre admirado e ben querido por nós. No xa grande feixe de follas que forman a colección de A NOSA TERRA hai probas d'abondo confirmadoras do que vai dito. Sempre que fixemos algún acto literario, d'importanza, o insine persidente da Academia Galega invitámolo para que asistise ou mandara representación.

Inda mais: cando viñeron os homes mais notabres do catalanismo á Cruña, quixemos que no xantar c'o que se agasallou a aqueles, don Manoel tivese o posto d'honore. E convidámolo para persidir, entre Cambó e Puig y Cadafalch. (Por certo que entón Puig y Cadafalch e Morera y Galicia, cumprimentaron ó señor Murguía na sua propia casa)

Fumos, pois, sempre respetuosos e agarrimantes para o ilustre vellín. Ningún pode dicire o contrario.

Oxe temos, endeben, que defendelo dos fariseus do rexionalismo que queren amargárenlle os derradeiros anos da sua vida. Don Manoel hachase un pouco doente; tivo que acougar no leito por orde dos médicos. E cando sofria ista doença física veuse tamén magoado por outra doença moral que xa o terá entangarañado e abraiado hasta que se fine (e ogallá sexa ben tarde).

fundouse o "Instituto d'Estudios Gallegos", andamiaxe con elementos de boa fe, erguido para satisfacere a vanidá dalgúns, que d'outro xeito viñan sentíndose xa esmorecidos no seu pasaxeiro prestixio. E iste Instituto, no que se dí que terá de facerse canto mandan que se faga os estatutos da Academia Gallega, constituiu coma un aldraxe para a dita douta corporación. Era restarlle todo valor, todo merecemento e toda autoridá á Academia. Tiña que doerelle o insine D. Manoel. E tiña que doerelle inda mais que aquél Instituto arrapañara para si a cativa subención de cen pesos que a Diputación da Cruña viña donándolle á Academia Gallega.

E quienes fixeron iso? Os mesmos que trouxeron e levaron en palmas a D. Manoel

Murguía cando andaban ó conqueringo de prestixio rexionalista. Os mesmos que s'apoyaban en D. Manoel Murguía para facerense notare...

¡Ai, se agora D. Manoel Murguía poidera falar públicamente! Se a sua doença lle premitira dicir as duas cousas que debe sentir e que abundan para darlle o derradeiro toque de descreto ó Instituto de marras.

Don Manoel, ilustre e grorioso vello, único "precursor", que inda alenta: cantas veces esbarará polos seus beizos o popular refran "cria corvos..."

### POEMAS CURTOS

#### I

As miñas bagoas, naiciña,  
vanme queimand'as meixelas;  
¡son com'a sal d'a mariña  
que vai comendo n'as pedras!

#### II

Os desengaños d'o mundo  
veñen loitando c'os xenios;  
¡loitán como loit'o mar  
por abatélos penedos!

#### III

Van os probes pol-o mundo  
arrimándos'os pretilles;  
¡que xa solo son as pedras!  
as que teñen conta d'iles!

F. SALGADO Y LOPEZ-QUIROGA.

## Teatro e música galega

### Ramón Cabanillas libretista de ópera

O insine autor de «Vento Mareiro» romatou xa o libreto para unha ópera galega que lle tiña encarregado un notabre mestre da nosa Terra.

Aquel libreto non é senon un arrego axeitado para o teatro da formosa lenda de Curros «A Virxe do cristal».

Cabanillas desenrola a lenda, en dous actos, que él chama pasos, dividido cada un en dous cadros.

Ninguén coma o autor de «A mán de Santiña» para tal empeño. El, coma ninguén, soupo glosare os versos de Rosalía cand'o homenaxe á imortal cantora de «Follas Novas» feito en Compostela. El, agora, glosou os versos e o espírito de Curros n'este libreto, c'unha facilidá pasmosa.

Limos o libreto de Cabanillas na Cruña, pois denantes d'entregarillo ó mesire que ten de «musical-o», quixo que a dirección de Conservatorio Nacional de Arte Galego o coneceese.

A nosa impresión é a de que o xenial Cabanillas fixo o arrego d'A Virxe do Cristal coma o non facería millor o mesmo Curros.

Ademais, o poeta da Raza, moderno nos seus gustos, tivo o acerto de darlle ó libreto aquel xeito esixido pol-o drama lírico actual. Non contén recitados. Os coros, os duos, os monólogos, non forman senón parte d'un todo que recollerá é unificará a partitura orquestal sinfonizádoo. Quere dicire que a música e mail-a letra apreixaránse com'a luz e a sombra, coma o corpo e a i-alma, cal elementos consustanciaes conforme ocorre no «lied».

Esta ópera escrita en idioma galego, estrenarase no Liceo de Barcelona, na primaveira próxima.

### Cabanillas traducido ó catalán

Tamén temos que darles outra nova ós nosos leutores. A de que o fermoso e esquisito poema dramático «A mán de Santiña», vénno traducindo directamente do galego ó catalán, co'a licencia do seu autore, Avis Martí, un dos novos e mais apraudidos dramaturgos barceloneses, para poñelo en escea na ciudá condal na tempada d'inverno próxima.

Avis Martí, o mesmo que o empresario do teatro catalán onde haberá d'estrenárese coídan com'unha xoya chea de doce poesía a farsada que xa gabou o público cruñés.

A persoalidá de Cabanillas vai conquernando tanto releve en Cataluña que son moitos os poetas d'aquela terra irmá que se dirixen ó autor de «No Desterro» pregándolle os autorice para ofrecer vertidos ó catalán os seus versos.

Os sonetos que forman o lindo poema «Sono dourado», coma lembraránse os leutores, xa fai tempo que figuran traducidos n'un libro de poesías catalanas.

### A NOSA MÚSICA EN CATALUÑA

## Un concerto de obras galegas

N'un dos mais importantes centros de Barcelona, o «Instituto de Cultura e Biblioteca Popular para a Dona», houbo un concerto de cantigas galegas no pasado mes de Xunio.

Interviron n'él o notabre coro d'asociados do nomeado establecemento e os alumnos da clás de leitura artística do mesmo.

Costaba o programa de duas partes: a primeira, composicións de Montes e Baldomir, e a segunda canzóns populares (as mais interesantes de Adalid).

Denantes de que se cantase calquera

das obras, lia unha aluna a letra da mesma, traducida ó catalán de xeito admirabre pol-a esquisita poetisa Antonia Salvá.

Remitíusenos de Barcelona un programa imprentado do concerto e mail-a traduzón catalana das letras galegas d'aque-las baladas e cantigas.

Con moito agarimo testimoñámol-a nosa fonda obriga ás ilustres donas do Instituto barcelonés e n'especial á virtuosa e inteli-xente Sra. Verdaguer, alma d'aquel filan-trópico e altruista orgaismo, de quen dixo unha vez Losada Diéguez que lle facía lembrar a nosa Concepción Arenal.

E tamén mandámol-a embora mais aga-rimosa e querendosiña para Antonia Salvá pol-o seu traballo tanto difícil como no-tubre de traducire fielmente do galego ó catalán as letras das cantigas de Montes e Baldomir, e as outras populares.

## PANTEÍSTICA

Diante, a serea e bicor inmensidade...  
O azul—azul—, os agros luxuriantes.  
As montanas pardentas, y-o lonxe a cibdade  
entr'a néboa nimbante d'hourizonte.

A gracia femenil da doce ría,  
esmorecida n'un leito d-area,  
sorri con ledicia  
ás másculas cumes,  
arelando no virxinal ensono  
a apreixa garimosa e fecundante.

Se leve rumor ten a cinta  
d'auga que cingue ós penascos rudos,  
barudo alento a montaña adoita,  
dándolle a praya seu brazo vigoroso.

Ruba a ninfa d'as playas ridentes  
ós toxeriales foscos y-as gándaras,  
y-en col dos lenticos y-os rebos enxendre  
os héroes da raza.

O amor é a ria briladora, maina.  
O ideal, a montañainxente, brava.  
Cando d'unha a outra banda enxergan  
as arelas da Patria esnaquizada,  
vals e montanas, a Natureza toda,  
erguerán as voces aspas:

Un sonido ronco,  
un rumor d'epopeya,  
y-un canto d'esperanza!

ROBERTO BLANCO TORRES

Terras de Salnés.—Mes de San Xuan.

## A farsada do empréstito

### OS RICOS GALEGOS...

O derradeiro empréstito hespánol foi unha operación cativa. Quíxose con él conquerir un éxito político.

Resultou un grave crebanzo para a economía hespánola. O único principio que ficaba direito da reforma de Villaverde—conserval-o desconto do Banco á par ou por riba da renda da Deuda pública para evitare perigosas conexións anfr'a Bolsa e mail-o Banco—non fivo incomenente o Sr. Cerva en botalo polo chán. As caixas do Banco d'emisión, abríronse de par en par, para fomentaren unha xigantesca operación a costa do pequeno aforro; para facer que se cubrira vinte, trinta veces o empréstito, ficando d'iste xeito o papel nas mans dos grandes financieros, c'unha tendenza á suba que lles premifrá colocal-o dentro de pouco, c'unha ganancia de algúns enfeiros.

**E todo Ilo supón que, en medio da fonda careza da vida que vimos padecendo, veña decontado a mais desastrosa das inflaciós e unha nova suba de prezos.**

Pol-o demais, e xa falando soillo da nosa casa, temos que decir que da pena, unha pena fonda, fondísima, ollar os xornás crúñeses co'as listas dos galegos que acodiron ó empréstito, chufando de fer millóns e milloñs...

**I**TANTOS MILLÓNNS, fachendosos, e Galicia orta d'industrias! TANTOS MILLOÑNS, somente na Cruña, e a Cruña sen comunicación ferroviaria con Santiago e con cativa comunicación c'o Ferrol... Cando Santiago, Ferrol e mail-a Cruña, unidos por liñas rápidas, modernísimas, terían de ser—e o serían se Galicia fose estranxeira—cójase que coma unha sola grande urbe.

**¡AI, OS NOSOS RICOS! Pol-o d'agora dan mesmo noxo.**

## PORTUGAL E GALICIA

### A nosa grande obra

«Xenius», o notabre literato e director d'Instrucción pública da Mancomunidá catalana foi a Lisboa c'o ouxeto de dar aló catro conferencias, e unha d'elas, a derradeira, en catalán.

Isto ten de sere unha dura leición para nós os galegos. Dende fundación das Irmandades, coidámos os galeguistas que, coma causa esencial para Galicia, está o feito d'estreitare as nosas relacións con Portugal, a terra irmá. Na asamblea nazonalista de Lugo tratouse seriamente do asunto. Vicente Risco dixo nas suas «Prosas

galeguistas» verbas moi axeitadas a ista necesidade.

Porteiro, o xenio malogrado, o mesmo que Viqueira e Villar Ponte, falaron moito do trascendente probremo. E ainda n'A NOSA TERRA se teñen glosado os estudos de Rivera e Rovira, e as conclusións do Congreso Socialista, de Madrid, celebrado fai pouco, nas que afirmouse a maior afinidade de Galicia con Portugal que con Hespanha.

Obrigado, pois, do nazionalismo galego é termare d'este probremo, sen acougo. Seguire nas suas xestións até que a nazón galega e a nazón portuguesa fiquen entendidas para sempre.

O ilustre filósofo galego Juan V. Viqueira, irmán noso moi querido, anuncia que vai escomenzál-a publicación n'este boletín d'unha serie de traballos sobre os modernos poetas e literatos portugueses.

E d'este e os mais xeitos, o nazionalismo galego irá pondo na entrana da raza común os cimentos da gran Fratriz que fará dos pobos d'álén o Miño e dos da veira d'acó unha bi-nazón ou un Estado de réxime dual, pol-o que chegará o trunfo do Iberismo.

## BERROS DE LOITA

### HAI QUE SERE VIOLENTO

*Eu quero a Galiza c'un amore tráxico e pasional.*

*Pra mí a miña noiva é Galiza. Nela creio i-a ela adoro.*

*¡Ai do que dixese d'elat O meu odio, com'unha navalla buida, desgarrall'as entrañas roxas.*

*Porqu'o meu amore,—ouh, paradoxa!—é inconsciente e istintivo i-é tamén consciente e firme.*

*Enconsciente e istintivo por que vai en mí, com'o meu sangue.*

*Iste amore é algo selvaxe, que non chega a pensar, a razoar, e só sabe sere apaixonado e violento.*

*I-o qu'hai n-il de consciente e firme, é porqu'o tempo foi dicindo á miña alma—chea d'imperio selvaxes e primitivos—qu'isa é a lus.*

*E foise afirmando tanto ista crénza, ist'amore, foise espallando tanto o seu raigame en mí, que só m'o podían arrincar arrincándom'a vida.*

*Ista forza íntima impúlsam'a violencia.*

*Hai que facer do noso ideial unha relixión.*

*Os guerreiros do meioevo, feros e barba-dos levaban ás pelexas unha cruz.*

O mellor soldado é o que leva no peito unha superstición relixiosa.

Nós, debemos facer do nazionalismo unha relixión de fanáticos, de intransixentes.

E debemos levar ó frente o noso símbolo, esa meia lua groriosa qu'é unha fouce.

E xa tinguida en sangue.

Só eisí trunfaremos.

Debemos facer fanática e intransixente a tod'a xuventude da Galiza. E o pirmeiro problema a resolvere.

Nada de puntos meios, d'esvaimentos e esmorecimentos.

Chegou xa o dia de "sere ou non sere".

A muita xente lle conveñen os eclecticismos. Mais, s'a de sere dos nosos ha de renunciar ó mais, porqu' é moi doadoo decil-o, sin impórse pol-o menos un sacrificio diario.

Hai que sere plenamente, con tod'a a nosa alma, con tod'a nosa xuventude.

Que sexa a nosa causa unha relixión, de convencidos, de fanáticos.

Pra min eisisten, en min, duas relixiós:

Relixión patriótica: A ideia nazionalista: O amore á terra, ó paisaxe, ó lar, ó sprito,

ós homes da Galiza: A arela d'un Rexurdimento grorioso da gran Patria galega.

Relixión spiritual: A ideia socialista: A bondade, a fraternidade. O Cristo, San Farruco d'Assís, León Tolstoy. A arela da xuntanza do Mundo, Patria Universal.

E decir: Unha relixión da terra i-unha relixión do ceo. Unha a do istinto; outra, a do panteísmo da natureza e a da irmandade pol-o próximo.

Tend'a convicpción, que forza será a do noso peito! Síntes un mais forte, meirande.

O que anda latricando, sen térra unha ideia fonda, o fanatismo d'únha relixión, ise é verdadeiramente despreciable.

Hai que facer da nosa causa, unha relixión, a nosa relixión.

Debemos sere coma unha árbore que tivese spallad'o seu raigame na nosa terra, tan fondamente!

Coma un árbore que brua ó vento!

Hai que sere violento e fanático...

CORREA CALDERÓN.

Dende Castela.

Cada día que pasa e pra nós un adianto no camiño do trunfo: ben o saben os riestrictas. Ledos, podemos agardar a vitoria de mañán si temos unha pouca persistencia.

E na mentras, xa teñen cumplido o seu gusto esos falsos agrarios da Federación d'escravos dos caciques. Xa poden esperar que se cumpran as promesas que o seu Diputado Iles fixo.

O nome de Riestra, é un nome simbólico que pra todos significa unha política de interés sin ideal, unha aborrecrelle política de inxusticias e de aldraxes: para combati-la contade sempre conmigo.

Aos eleutores de Ceredo e de Forcarey teño que renovarles o meu agradecemento po-l-a sua valentía, po-l-a sua fidelidade: si os que están fora estiveran na casa eles darianme o trunfo. Ceredo e Forcarey son o eixo da redención do distrito de Pontevedra.

Non me esquezo dos nosos amigos de Silleda ós que teño que defender da rabia dos seus caciques. Toda magoa que Iles fagan, tereina por feita a min, Co'a valente sociedade de Laro iremos á liberación de Silleda.

E ben sinto que os meus eleutores da Esirada, os grandes amigos d'esa vila e d'esas aldeas que tanto quero, de esas sociedades que ollo con tanto agarimo, tarden un pouco mais en verse libres d'un espartal que e unha inxuria pra o concello y-unha crara mostra da política de Riestra.

Nin desalento, nin desesperanza. Móvennos a vos y a min un grande ideal, unha cobiza d'un froitoso porvir pra os nosos fillos e pra Galicia. Todolos sacrificios son poucos.

O non loitar oxe val a pena pra o trunfo de mañán. Dende Pontevedra, onde a miña axuda seravos mellor, seguirei agora o voso camiño, Alí preto me tendes,

Oxe e mañán pedídeime pra a terra e pra vos todo o meu esforzo.

### I Terra a nosa!

ANTONIO LOSADA Y DIEGUEZ.

### Follas novas

D'as terras de Pontevedra vennos unha grata e ledizosa nova: un feixío de poesías d'unha xentil señorita que, n'os seus primeiros froitos espirituais, mostra unha precozidade ch'a de belas promesas e unha inspiración rica en sentimientos e dozuras.

Chámase Hermilia Farfía Coblán a nova poetisa. No semanario *La Raza*, de Pontevedra, ten publicado traballos poéticos de molto mérito. Na sua musa o noso idioma ten ledos conceutos, claridades e melonías, que son casi un milagre n'unha nena roiba e fermosa como un carabel.

## COMO FALAN OS NOSOS

### Aos eleutores da Estrada, Ceredo, Forcarey e Silleda

Debo unha esplicación os amigos que nas pasadas eleccións de Diputados a Cortes me deron os seus votos y-a todos aqueles que esperaban con entusiasmo a loita de agora pra poñerse xunto de min, contra o vello e podre caciquismo representado polo nome de Riestra e polos seus criados.

Prometín non abandonarvos, loitar de cote con vos y-oxe renovo con maisfirmeza a miña promesa.

Como unha protesta contra a política riestricta e pra que non se cumprise o noxento artícuo vintenove, díños o nome meu pra antevotación.

Seguir a loita sería espoñervos a novos sacrificios e persecucións. Non quero perdirvos o voto sinón pra trunfar. Quero que levedes a segurida de que non se burlará mais a vosa vontade, y-eso oxe é imposible.

Sei todo o que de min se dirá, conozo todas as mentiras que os meus enemigos, os servidores do amo pontevedrés han de espallar. Nada me importa. Eu son o de sempre.

Prégovos que vos fixedes ben nas razós da miña conducta.

1. Nos concellos de Ceredo e Forcarey temos unha grandísima maoria de votos, mais o tempo en que se fan as eleccións

fainos perder mais de 500 eleutores que están traballando fora de Galicia e non volven hasta o inverno. Y-esa forza cumplíronos pra compensar posibles puchearazos d'outras seuciós eleutorás.

2. No concello de Silleda, temos amigos, mais a presa con que se convocaron estas eleccións, non nos dou tempo pra os organizar, y-o caciquismo de Silleda, cínico de cote, pensaba en dar un puchearazo como o derradeiro ano, de mais de dous mil votos. Somentes con oito notarios poderíamos garantizar ali, agora, as eleccións. Esto non pasará xa mais.

3. Este Goberno que tantas esperanzas e ilusións fixo nacer en moitos, xa non é pra os loitadores do ideal mais que un de tantos Gobiernos españoles. Xuntouse cos vellos e vergoñentos partidos politecos e nesta desgraciada provincia de Pontevedra todos os candidatos caciquís que se presentaron son candidatos do Goberno.

4. Moi logo virán as eleccións municipais e pra loitar nelos cumpre gardar todas as forzas, e organizar as novas.

Loitar nestas condicións, loitar agora, sería facer o xogo ós nosos enemigos que cantarian unha falsa vitoria. Levarvos a unha derrota sería pra min un remordimento.

Saudamos con agrado a nova poetisa, que terá n'estas páxinas un fogar espiritual, e inauguramos a sua colaboración coa siguiente poesía:

## LEMBRANZAS

Non volvás ó pensamento  
Ideias qu'eu vin fuxir,  
non volvás a miña y-alma  
espiñas que me feris.  
Que soya choro no inverno  
e soya choro no vran,  
sin que ningún me console  
n'as longas noites de luar.  
Déitome n'a carballeira  
pois n'on rexo c'o pesar,  
é alí sofre que te sofre  
dou mil voltas n'a follás.  
Os berros d'un corvo negro  
fanme de medo pasmar,  
porque... ¡quén sabe sió probe  
com'eu teña que chorar!  
¡Bagulliñas, bagulliñas,  
os meus ollos non volvás,  
ide á poupar noutros ollos  
e deixarme de penar!

HERMINIA FARIÑA COBIÁN.

No próximo número publicaremos unha carta d'un notabre médico na que este louba o libro do señor Sal Lence nomeado "A refracción ocular" que tanto éxito ben conqueroindo antr'os profesionás de medicina.

## Busca que te busca

### (APÓLOGO)

A probeza botouse á rua na busca d'un amigo. ¡Malpocado! O que la ela buscara...

Atopou co'a riqueza, e dixolle d'iste xeito: "Tí poderías ser a misia amiga; á ti sóbranche carios, e a miñ sóbrante gana de traballare. Imos xuntarnos e xa verás coma con amore, traballo e difieiro, témola a felicidade na man. Non te fixes nos meus farrapos, que o meu traballo trocará en rico pano fino. Baxo esta trapallada latexa unha alma de ben. ¡Quen sabe entre ricas teas o que ti atoparás! ¡Selca te fal-a xorda?... ¡espertal!... ¡Non oubes! Eres talmada... Esperta, decátate de que nos perdemol-as duas... ¡Oube, oube!

Non quixo oubire. Aquela porta estaba pechada.

E camiñou a probeza co'a sua cruz ás costas, sempre en camiño de revolta porque o mundo lle non deixaba andar pol-o direito. E andivo, andivo, atopou co'a cencia. E dixolle á cencia: "¿imos traballare xuntos? Nós podremos sere bes amigos; ti pos todos eses intríngules dos números, das máquinas, e tanto che disconran os miolos, i-en pójierel o traballo e coñazón. ¡Qué che parece?..."

—Non pode sere—contestou a cencia—: pra sermos amigos i-estar xuntos, é perciso que o difieiro veña con nosco. Nos sollos non facemos nada. ¡Valte con Deus!

E a probeza pelegrou de novo, e atopou-se co'a política. Mais a política axiña que o viu, douse a fuxir coma can doente, e la dixendo para o seu latelo: "¡Arrenégote probeza! ti me non trás cousa boa; cando me fagas falla xa te atoparei..."

E foi de porta en porta a probista probeza na busca d'un amigo, e non se atopou en ningúres.

Entón dirixluse a El Rei, i-El Rei falouelle elsi:

—Te non canses; o mundo está parvo; cada un turra para si. Chegou o tempo da rapa; uns para un lado outros para o outro, i entramentas non tiren todos para o mesmo sitio, a forza perderase na terra, com'a das treboidas no ar. O amore, Isa expresón do sentimento, o único polo que un pode estar satisfeito de vir ó mundo, perdeuse; non fica mais que a animalidade... Somos feras a pelear... ¡Valte, valte e dille o mundo que desperte, que peche con sete chaves a ira e abra de par en par as portas ó amore, i-en amore s'axuntan todos e traballen pol-o amore de todos, i-entón vai ti con iles i-alcontrarás cantos amigos queiras..."

Saiu a probeza de xunta El Rei, e folalar il-o mundo, mais o mundo botouse a tir, e miles de voces dixerón: "¡Qué siga a pelexal! ¡qué siga a loital..."

Y-entón a probeza, a berrar moi forte, com'unha condanada: "¡Non hai ningún que sinta amore? ¡Non hai no mundo ningún amigo que me blique? ¡Non hai un corazón? Pois vóume ó inferno, que pol-o que vexo ali estarei millore..."

E o arte que estaba perto d'ela, dixolle: "¡Oh probista probeza! non valas aló, arrechégate a miñ, apreixémonos agarimosisamente, que se no mundo non hai ningún que te blique, bicarelle eu..."

E doulle un bico de fogo e unha aperta tola. Dend'aquela, a probeza e mal-o arte camiñan xuntos.

XOXÉ PALACIOS.

Perrillio.

## DISIMULEN

Por mor da folga xeneral que houbo quince días na Cruña, A NOSA TERRA non poido sair na data do 25 do mes de radeiro.

A imprenta onde s'edita iste boletín es- tivo pechada.

Non tiñamos, pois, meio de cumplir c'os nosos queridos irmans e leutores. E sentimol-o, inda tanto como por iso, porque nos vimos obrigados a rachar orixinas de notabres colaboradores que falaban dos feitos políticos autuaes.

Disimúlenos os amigos. Ben saben eles que a culpa de se non publicar aquel número d'A NOSA TERRA non foi nosa.

## Peneirando...

Bergamín dixo que Romero Robledo en comparanza con Cervantes, foi un santo.

Non sabemos d'unha condanación do réxime hispaniol vixente más sinxela e vergonhosa.

II II II

Dentro de poucas datas—alá pol-o 15, probablemente—virá á Cruña o xenial poeta da Raza, Ramón Cabanillas.

Xa veredes coma os que fan homenaxes ós poetas mortos na ciudá hercullina, terán moi pouco agrado para o noso illustre cantor...

II II II

A familia do Sr. Valdés, que herdou—se non estamos trabucados—os miles de pesos que Pondal lle deixara no seu testamento, seguirá facéndose a xorda respeito o mausoleo do xenial autor de "Quelxumes dos pinos".

Eses herdeiros do bardo ben poden facerlle o mausoleo e ainda más. Están na obliga de honorare a lembranza do glorioso morto.

¡Hastra por egoísmo! Non somente de pan vive o home. E a eles lles tería d'agradare que na Cruña erguérase un molmento ó seu parente.

Pondal deixoullas moitas mileiras de pesos. Pois merecerán andaren en parolas e faladurias se non celban algúns d'aqueles pesados para cumplir c'os inesquecible morto.

¡Que bon mausoleo facería o xenial escultor galego Asorey! Pois a cumplir co'a vosa sagrada obliga señores herdeiros de Pondal.

II II II

Alfonso Castelao, noso xenial humorista, facerá no mes d'Agosto próximo unha Exposición dos seus traballos derradeiros no Pazo Municipal da Cruña.

Istes traballos son os que logo levará a un álbum que ha de conquerir gabanzas onde queira.

Traballos de gran atrevimiento e de fondo- nísima orixinalidade.

Traballos enxebrés, galeguísimos pol-a forma e pol-o fondo.

Traballos que facerán rire e pensar e sofrir.

Traballos novos, novecentistas.

Entón haberá unha serie de conferencias de persoalidades do nazonalismo.

II II II

Dín que herdará no lugar de Besada os cacicos da provincia de Pontevedra suxellos a inspección de Riester, o odiado gran cacique de Ourense Sr. Bugallal.

Polda que saía certa a noticia.

E ogallá se confirme. Porque coma Bugallal é o cacique más tirán e más bárbaro de Galicia, Pontevedra esnaquizará as cadeas d'a escravitude más alxia.

II II II

O xornal La Región, d'Ourense, propuxo facer unha asamblea de forzas agrarias e anticalciás en cada unha das provincias galegas. A d'Ourense, patrocínala La Región. A de Pontevedra, o xornal pontevedrés Progreso.

Agora soillo falla quen alente e orgalce as da Cruña e Lugo.

Tipográfica Obrera.—Socorro. 3

## MATERIAES DE CONSTRUCIÓN

### Cemento Asland

Madeiras — Carbón

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

IGNACIO PEDREGAL

NA CRUÑA

## Fábrica de Xergóns

e catres metálicos

ORZAN 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

**LA PROVEEDORA GALLEGA**

DE

**XUAN VAZQUEZ PEREIRO**A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita  
de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estas ledos e traballades sin sentir o mais cativeiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós melhores produtos i-a limpeza más esquisita.


PROVADEOS E CONVENCERÉDES VOS

Faise cárrego de toda  
casa de traballos grá-  
ficos, en imprenta, lito-  
grafia e fotograbado,  
ansi coma sellos de  
caucho

**A Papeleira Galega**

BARREIRA, 7

A CRUÑA

**Lloyd Real Holandés****Amsterdam**

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina polos acretados  
vapores-correios**GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA**Saídas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup> clás.

Pra informes respeuto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**  
**CONSIGNATARIO**  
**NA CRUÑA E VIGO.**

**GRAN HOTEL, RESTAURANT E CAFÉ****"La Perla,"****Director Propietario: RAMÓN BARRIO**

Ruas de Juana de Vega, 23 e Fonseca, 3 (toda a manzán)

Hai automóvil e lancha-motora, propiedade do Hotel,  
ao servizo dos señores viaxeiros**E o Hotel mellor e mais moderno da Cruña****Os viños e coñás millores**son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da  
Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.**O vermouth más selecto**

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

**O Anís do Mono**

é un einspréndido licore sin rival

**Pra viños de mesa**non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LO-  
PEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—  
MADRID.

REPRESENTANTE ESCRUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**Galera, 39 é 41-2.<sup>o</sup> piso.—A CRUÑA

**FRÁBICA MECÁNICA  
:: DE CALZADO ::  
— DE —**

**ANXEL SENRA**

**RÚA XUAN FLÓREZ**

**Depósito: Cantón Grande, 15  
A CRUÑA**

**HOTEL CONTINENTAL**

**Castelar, 8 e Olmos, 28  
O MELLOR SERVIDO  
— DE —**

**M. Losada Prado  
A CRUÑA**


**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS  
A millor da Cruña  
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)**

**SASTRERÍA  
DE  
AMBROSIO GUDE**

**RUA REAL, 59-1.º**

N'este acreditado estabreimiento, que conta co'a clientela mais elegante da Cruña, fánse traxes á medida, uniformes militares e demais prendas de vestir.

Todo con arreglo á derradeira moda.



**Abonos Químicos Mineraes**

**Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo  
bordelés ROUCH**

**Rexenerador ROSTRAM pra os animais  
debiles, pra que as galifias pofian mais hovos,  
etcétera.**

Pídanse prezos e condizós a  
**Fernández, Fano y C.º—A CRUÑA**

**VIÑOS FINOS**

**RIOXA - MEDOC**

**Felipe Ugalde - Haro**

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA - A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**Gran H. Universal**

**Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO**

**O MAIS NOVO E O MILLOR**

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Farmacia Europea**

— DE —

**López Abente  
REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos estabreimientos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

**EFEKTOS NAVALES**

DE

**FERRER Y COMPAÑÍA—SUCEORES**

**F. BERTRÁN e MIRAMBELL**

**VIGO e A CRUÑA**

**CASA FUNDADA EN 1868**

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

**LA MODERNISTA**

**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

**San Andrés 94.-1.º—A CRUÑA**

Estabreimiento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfelción e todolos aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, locios e fríciós de todas clases.

*Nota: N'este estabreimiento atopará o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías, desta capital.*

**GRAN FONDA**

**Las Cuatro Naciones**

**San Andrés, 102.—A CRUÑA**

O novo dono d'ista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE**

*Servicios directo desde o porto da Cruña*

**LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana.	:	:	:	:	:	:	:	:	Ptas. 298.60
>                Veracrus	:	:	:	:	:	:	:	:	313.60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35. Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario.

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

**NOTA.—Quedan sin efecto todalas tarxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.**